

A XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DOS RÍOS EN GALICIA. PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN

Teresa Nieto

Arquitecta

Xunta de Galicia

DOI: [10.17075/pvpcr.2021.008](https://doi.org/10.17075/pvpcr.2021.008)

O contido das xornadas «A posta en valor do patrimonio cultural dos ríos: Galicia e outros exemplos» responde a unha consideración territorial do patrimonio cultural non só porque se establece unha relación entre patrimonio natural e cultural, senón porque se trata de bens, materiais e inmateriais, considerados conxunta e diacronicamente, que son manifestación da propia e particular forma de relacionarse co medio, do aproveitamento dos seus recursos, das sociedades que habitaron un territorio. En Galicia, os ríos son omnipresentes e están directamente relacionados coa ocupación do territorio, como nos describe Miguel Anxo Murado en *Outra idea de Galicia*:

O nome poético de Galicia, «país dos dez mil ríos», queda curto; son moitos máis. No mapa, eses ríos forman un labirinto intricado, unha especie de rede neuronal. Non son só a consecuencia do ceo e as súas chuvias, tamén o son da terra. Durante o pregamento alpino, o pedestal de granito que é Galicia fracturouse nun sen fin de valiñas, e non hai ningunha delas, por pequena que sexa, que non estea percorrida por un curso de auga. Galicia sempre foi así, unha maraña de pequenos núcleos de poboación repartidos arredor doutra maraña previa de ríos e regatos.

Esta proximidade e relación entre a poboación e os ríos que forman parte do seu contorno territorial fai que se localicen neses espazos, con especial intensidade, manifestacións do que a Lei do patrimonio cultural de Galicia define como «a interacción e interpretación que a comunidade fai do medio natural que o sustenta e que constitúe o soporte material da súa identidade».

A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DOS RÍOS EN GALICIA

Malia que o Estatuto de autonomía de 1981 atribuíu á Xunta de Galicia a competencia exclusiva sobre o patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese de Galicia, até a aprobación da Lei do patrimonio cultural de Galicia (LPC) do ano 1995 Galicia non se dota dunha norma propia de protección do patrimonio cultural axeitada á realidade de Galicia, como sinala a súa exposición de motivos.

Até ese momento, o patrimonio protexido en Galicia compúñano aqueles bens que foran declarados histórico-artísticos ou incluídos no Inventario de Patrimonio Artístico e Arqueolóxico de España, e que pasaran a ter a consideración de Bens de Interese Cultural recoñecida pola Lei do patrimonio histórico español (LPHE) na súa disposición adicional primeira. Teñen esta condición de Bens de Interese Cultural unicamente catro bens vinculados aos ríos: a ponte Bibeí, a ponte Pedriña, a ponte Vella de Ourense e o muíño de San Mamede de Moldes, aos que unicamente se engadiron, xa desde a Xunta de Galicia, os muíños de Folón e Picón como lugar de interese etnográfico e a ponte de Pontevea, declarada recentemente.

Nese período de ausencia dunha norma propia de protección do patrimonio en Galicia, acudiuse a unha figura urbanística: as Normas Subsidiarias Provinciais de Planeamento, para ampliar a protección patrimonial a unha serie de bens inmobles que se recolleron no seu Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico por Concellos. Inaugurábase así unha técnica protectora apoiada no planeamento urbanístico que, como veremos, aínda se mantén en gran medida. Esa protección, semellante á que máis tarde establecerá a Lei do patrimonio cultural, baseábase no control administrativo das intervencións sometidas á autorización urbanística, tanto se eran directas sobre os bens protexidos coma sobre as franxas xenéricas de protección que as propias Normas Subsidiarias establecían.

No Inventario desas Normas Subsidiarias incluíase a maior parte das pontes máis relevantes e un número importante de muíños, aínda que é certo que cunha distribución totalmente irregular, como evidencia o feito de que, dos pouco máis de 80 muíños recollidos nese inventario, case 50 estean situados no concello de Lugo.

A Lei do patrimonio cultural de Galicia do ano 1995 mantén a consideración de bens de interese cultural a aqueles bens que xa a tiñan recoñecida pola LPHE e incorpora a outra das categorías que se crean nesta lei, a de bens inventariados, todos os bens recollidos no Inventario de Patrimonio Histórico Artístico das Normas Subsidiarias de Planeamento referidos previamente, ademais daqueles bens incluídos no catálogo de calquera outra figura de planeamento urbanístico.

Esta última incorporación, se ben aumentou en gran número os bens protexidos, tamén incrementou a dispersión respecto da localización xeográfica dos bens por dúas razóns: a inexistencia de planeamento e de catálogos en gran número de concellos, e a insuficiente catalogación do patrimonio rural naquéloutros onde

si se elaboraran catálogos. A modo de exemplo para ilustrar esta situación, o catálogo do PXOM de Vigo do ano 1993 incluía máis de 100 muíños, pontes e algunhas presas, mentres que o de Pontevedra do ano 1994 incluía, ademais das pontes, unicamente tres conxuntos de muíños e outro illado. A esa ausencia de bens nalgúns concellos engádesse o feito de que o tipo de bens protexidos relacionados cos ríos estea limitado case exclusivamente ás pontes e aos muíños. A incorporación nos planeamentos doutro tipo de elementos é puntual e realízase alí onde existe algún cunha especial singularidade ou recoñecemento patrimonial, coma o caso das pesqueiras do río Miño de Arbo, que se recollen no catálogo de planeamento deste concello, pero non no doutros concellos onde existen.



Imaxe 1. Dous muíños do conxunto de Soloeido, no río Vilaza, na parroquia de Zamáns en Vigo, antes da súa restauración

A identificación e protección refírese principalmente ás edificacións, obvian- do no caso dos muíños as infraestruturas hidráulicas, que por veces teñen gran complexidade e extensión; elementos menores coma pasais e pontellas nos ríos, ou elementos coma os relacionados co patrimonio industrial de recoñecemento patrimonial máis recente.

A Lei do patrimonio cultural, malia incluír dentro das categorías de bens de interese cultural algúns de ámbito territorial coma os conxuntos históricos, os lugares de interese etnográfico ou os sitios ou territorios históricos, non tiña unha consideración territorial do patrimonio cultural. A protección centrábase nos elementos illados e nas zonas delimitadas, na maior parte dos casos como contornos xenéricos de protección fixados por distancia, mais sen unha visión integrada do patrimonio cultural no territorio.

O concepto de patrimonio da Lei de 1995 comprendía tanto os bens mobles e inmoebles coma os aspectos inmateriais, aínda que tratados como categorías separadas, lonxe dun tratamento integral do patrimonio cultural. Esa protec- ción dos bens inmateriais tiña especial relevancia no título que a lei dedicaba ao patrimonio etnográfico, onde se protexían xenericamente os coñecementos, actividades, prácticas, saberes e calquera outra expresión de modelos, técnicas, funcións e crenzas propias da vida tradicional galega, e que instaba a Adminis- tración a promover e adoptar medidas para o seu estudo e documentación cien- tífica, a fin de garantir a súa transmisión e posta en valor. Porén, a protección do patrimonio inmaterial foi (e aínda é) practicamente inexistente e apenas se realizaron inventarios ou traballos de recollida, nin en relación cos ríos, nin de carácter xeral¹. Así, coa extinción da vella sociedade agraria e o abandono que sofre o territorio rural en Galicia, non só se foron perdendo lendas e mitos, senón tamén usos, tradicións e técnicas ligadas á intensa utilización dos ríos e dos seus recursos.

En relación cos bens materiais de carácter etnográfico, o artigo 66 da Lei do patrimonio cultural de 1995 acollía dúas consideracións relevantes: un reco-

¹ Como recolle Xerardo Pereiro Pérez en «La concepción del patrimonio etnoantropológico en Galicia: visiones legales y practicas institucionales», publicado na *Revista Andaluza de Antropología* n.º 2, de marzo de 2012: «No período 1992-1994 desde a Sección de Etnografía da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental desenvóléronse tres convocatorias de axudas á investigación do patrimonio etnográfico, que comprenderon fundamentalmente traballos de inventario e clasificación».

ñecemento nesa categoría dos restos físicos do pasado tecnolóxico, produtivo e industrial galego, ampliando ao carácter industrial os valores recoñecidos a ese patrimonio cultural, e a posibilidade de que eses bens fosen estudados cunha metodoloxía arqueolóxica. Incluía así os restos do patrimonio preindustrial e industrial, de especial relevancia no territorio dos ríos, e a consideración deses restos físicos como fonte de estudo e coñecemento da sociedade e da cultura que os creou, é dicir, a consideración dos bens materiais como documento.



Imaxe 2. Ponte Noceifas sobre o río Ribadil, na parroquia do Couto (A Cañiza), catalogada no ano 2003

A entrada en vigor de dúas normas sectoriais: a Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos, e as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia, tiveron especial relevancia na protección do patrimonio cultural dos ríos.

A Lei 5/2006 estableceu, no seu artigo 1, como prioridade de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a conservación do patrimonio natural fluvial que inclúe o patrimonio etnográfico e histórico-cultural relacionado, e declarou que era obriga das administracións públicas galegas garantir a súa

protección, conservación e mellora. A partir da entrada en vigor desta norma, a Dirección Xeral de Patrimonio vén requirindo aos planeamentos urbanísticos, nos informes que emite, a localización e identificación dos bens do patrimonio cultural relacionados cos ríos e a súa protección, unha protección que até entón se consideraba discrecional e quedaba á vontade do Concello que elaboraba o plan.

As Directrices de Ordenación do Territorio aprobadas en 2011 recoñecen a existencia de moitos elementos patrimoniais esquecidos, carentes de protección, polo que consideran prioritario desenvolver o coñecemento do territorio para identificalos, caracterizalos e posibilitar a súa protección, ademais da súa valorización e uso. Para conseguir este obxectivo establecen nas súas determinacións a obrigatoriedade de desenvolver unha prospección, entendida como a exploración e recoñecemento sistemático do ámbito de estudo para a detección de elementos do patrimonio cultural non-identificados no Inventario de Patrimonio Cultural de Galicia, con especial incidencia sobre o patrimonio etnográfico e arqueolóxico. Esta disposición dálle carácter normativo a unha esixencia da Consellería de Cultura que, no ámbito dos plans, programas e proxectos con incidencia sobre o territorio que se debían someter ao seu informe, establecía dentro das medidas protectoras e correctoras do patrimonio cultural a obriga de desenvolver esas prospeccións, inicialmente limitadas ao patrimonio arqueolóxico, pero máis tarde ampliadas a calquera clase de bens.

Estas prospeccións permitiron identificar un gran número de bens, tamén entre os vinculados aos ríos, mais esa identificación unicamente veu seguida da súa protección naqueles localizados no procedemento de tramitación dos planeamentos municipais que os incorporaron aos seus catálogos, xa que para os bens que se identificaron nos procedementos de avaliación de impacto ou efecto ambiental ou na tramitación de proxectos sectoriais non se tramitaron procedementos de inclusión no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Ao longo desas décadas, mantívo-se a carencia dun inventario e dunha catalogación completa que asegurase o coñecemento e a protección preventiva dos bens do patrimonio cultural, moitos localizados mais non protexidos, e que corríxise as carencias ás que daba lugar a recompilación dos bens dos catálogos municipais coa súa heteroxeneidade e concentración de datos en determinadas áreas. Esta falta de protección foi especialmente grave para moitos dos bens vinculados aos

ríos, onde o desuso e o abandono levaron moitos deles á ruína e incluso á perda da memoria da súa existencia.

A vixente Lei do patrimonio cultural, do ano 2016, establece unha categorización do patrimonio cultural en patrimonios específicos. Esta categorización, malia a manifestación que se fai na súa exposición de motivos de non ignorar a profunda unidade do patrimonio cultural, non contribúe a unha visión integrada dos valores culturais do patrimonio como a que dunha maneira indiciaria apuntaba a regulación do patrimonio etnográfico na anterior lei. Deste xeito, os bens do patrimonio cultural dos ríos son acollidos na categoría de patrimonio etnolóxico, coma os batáns e os muíños de río, as pontellas tradicionais ou as embarcacións tradicionais dos ríos de Galicia; no patrimonio industrial, coma os lugares, instalacións, fábricas, edificios e obras de enxeñaría destinadas á produción e transporte da enerxía e coma as mostras singulares da arquitectura de ferro, incluídos os mercados, pontes e viadutos, ou no patrimonio arquitectónico, coma as construcións propias das obras públicas e a enxeñaría histórica nas que se inclúen as pontes, as presas, as canles e os abastecementos. A dimensión arqueolóxica deses bens desaparece xa que, aínda que a lei mantén na definición do patrimonio arqueolóxico a referencia á metodoloxía arqueolóxica, o seu estudo agora vese limitado aos restos da antigüidade.

Esta distribución e os diferentes réximes de protección establecidos para cada patrimonio específico non contribúen á visión unitaria do patrimonio cultural; pola contra, a definición na lei de bens de dimensión territorial que acollan o conxunto dos elementos incluídos nas diferentes categorías está no camiño do recoñecemento territorial do patrimonio que apreciamos nesta xornada e que pode contrapesar a deriva sinalada.

Destas clases de bens de dimensión territorial, dúas son de singular importancia: a de lugar de valor etnolóxico que xa contemplaba a lei anterior e que foi na que se incluíu a declaración do conxunto dos muíños do Folón-Picón, no concello do Rosal, como ben de interese cultural, e a da paisaxe cultural que corresponde ao territorio da Ribeira Sacra, que vén de ser declarado tamén ben de interese cultural, e que ten os ríos Miño e Sil como os elementos xeográficos que relacionan e cos que se relaciona o territorio que se declara.

AS ACTUACIÓNS SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL DOS RÍOS DE GALICIA

Se limitada foi, e segue sendo, a protección do patrimonio dos ríos, tamén o foron as políticas públicas destinadas á súa conservación e recuperación. En dous períodos, na década de 1990 e máis recentemente entre os anos 2007 e 2009, a Consellería de Cultura convocou axudas destinadas a actividades de fomento para a conservación e a restauración de bens do patrimonio etnográfico de Galicia. Entre estes bens incluíanse os muíños que ou ben estivesen recollidos no catálogo dun instrumento urbanístico, e por tanto formasen parte do Inventario de Patrimonio Cultural de Galicia, ou ben estivesen situados dentro do contorno doutro ben protexido ou no territorio histórico do Camiño Francés. Outras actuacións, aquelas promovidas directamente pola Consellería de Cultura, tiveron por obxecto principalmente a restauración das pontes históricas.



Imaxe 3. Un dos muíños restaurados en Zamáns (Vigo)

Desde o ámbito local, desenvóléronse actuacións relacionadas co uso recreativo dos espazos naturais dos ríos. Son numerosas as áreas de baño e ocio que se acondicionaron, aproveitando as zonas naturais aptas para iso, pero tamén, en moitos casos, pequenas presas creadas para o aproveitamento da auga en sistemas de rega ou nos muíños. Moitos deses acondicionamentos realizáronse a través de escolas-obradoiros ou de axudas relacionadas co desenvolvemento rural. Aínda que a maior parte comprenden, ademais das presas xa citadas, muíños, pontellas ou pasais e elementos semellantes, as actuacións de recuperación destes bens do patrimonio cultural non foron nin o motor nin o obxecto principal destas actuacións. Cando se realizaron, limitáronse principalmente ás construcións dos muíños e non incorporaron unha recuperación integral dos sistemas hidráulicos nin dos mecanismos. Estas actuacións foron tamén en moitos casos creadoras de fortes impactos sobre os espazos naturais e o patrimonio cultural debido ás infraestruturas e servizos que as acompañaron: accesos e estacionamentos, construcións para aseos, servizos, locais de hostalaría, tratamento urbano dos espazos de ribeira, plantacións e axardinamentos.

Promovéronse tamén diversas rutas de sendeirismo e sendas fluviais ao abeiro do mesmo tipo de financiamento e dos fondos europeos que financiaban a creación de rutas e sendeiros naturais e a súa sinalización, e que consideraron prioritarios, entre outros, aqueles proxectos que contribúsen á promoción do patrimonio natural e cultural. Non podemos cualificar estas actuacións de auténticos itinerarios de coñecemento e apreciación do patrimonio do territorio, dos ríos en particular, pois non foron deseñadas como tales, senón como rutas para o gozo do medio natural e da paisaxe ás que



Imaxe 4. Cartel da senda fluvial do río Tea

se suman os elementos patrimoniais que se localizan no seu percorrido como unha plusvalía. En moitos casos, nin sequera se realizan traballos de recuperación destes elementos, mantendo o romanticismo das ruínas tan apreciado no caso dos muíños, e noutros casos nos que si se efectúa, coma en pontes e pontellas, as intervencións con pavimentacións e proteccións que se levan a cabo non sempre son acertadas.

A recuperación dos muíños adoita estar limitada tamén ao volume, á restitución de cubertas das construcións e, nalgún caso, ás canles, e case nunca comprende o conxunto hidráulico nin os mecanismos interiores. As técnicas e materiais construtivos que se empregan responden á recuperación dunha «imaxe» que non sempre se corresponde coa autenticidade, ao introducir rexuntados, madeiras laminadas e carpintarías.

Un aspecto importante destas rutas pode estar relacionado coa recuperación do patrimonio inmaterial. A sinalización recupera a toponimia, os nomes dos lugares e tamén o nome daqueles bens desaparecidos e conservados na memoria neses nomes, como é o caso de muíños, pesqueiras, canais e presas.

Non debo esquecer mencionar as actuacións singulares que tiveron outro carácter, coma as levadas a cabo en Allariz para a recuperación paisaxística e medioambiental do río Arnoia e dos seus muíños e fábricas de curtidos (unhas para uso museístico etnográfico, outras destinadas a outros usos relacionados co ocio e a hostalaría, que se sumaron ao proceso de rehabilitación do seu casco histórico), que acadaron recoñecemento internacional, pero que lamentablemente non foron imitadas.

Vou describir, de maneira sucinta e a modo de exemplo, dúas actuacións (unha xa realizada e a outra aínda en fase de proxecto) nas que están presentes a multidimensionalidade do patrimonio cultural e a consideración territorial do patrimonio, dous factores aos que fixen referencia no inicio deste artigo.

AS PESQUEIRAS DO MIÑO

Existen referencias documentais do século XII da existencia de pesqueiras no río Miño, probablemente vencelladas a mosteiros e casas feudais, e algúns estudos apuntan incluso que a orixe desas estruturas é romana.

Tradicionalmente, as obras de conservación das pesqueiras realizáronse periodicamente e de maneira solidaria, moitas veces empregando materiais e técnicas construtivas modernas, non-orixinais, primando mantelas en uso, xa que nunca se abandonaron.

Os concellos de Salvaterra e Arbo asumiron nos seus tramos do río cadansúa actuación de limpeza, restauración e consolidación de parte das pesqueiras con financiamento da Administración de Turismo, que as inclúe nos itinerarios da Ruta da Lamprea.

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, na autorización das actuacións, considerou que intervencións coma as proxectadas aconsellaban que as desmontaxes nas zonas nas que se chega ao apoio sobre a rocha natural se realizasen seguindo unha metodoloxía arqueolóxica; documentando a composición das fábricas, a técnica construtiva e o tipo de material empregado; realizando previamente un estudo dos paramentos, e documentando e identificando elementos coma marcos, bancais na cabeza, antigos poios ou caneiros, niveis anteriores de soleira ou buracos para o peixe que documentasen a orixe e transformación destes elementos.

Por tanto, os traballos realizáronse en dúas fases: unha de limpeza e desmontaxe na que se desenvolveu o estudo e seguimento arqueolóxico, e unha segunda fase de reconstrución apoiada na documentación técnica precisa e detallada elaborada a partir do coñecemento e da documentación gráfica realizada na primeira fase, que permitiron definir con maior precisión e rigor a técnica construtiva que se vai empregar e o tipo de reforzos para garantir a solidez das estruturas.

Daquela, seguiuise unha metodoloxía propia da restauración monumental e da arqueoloxía da arquitectura, considerando o valor histórico documental destas estruturas, non unicamente o seu carácter de ben etnolóxico.



Imaxe 5. As pesqueiras do Miño, en Sela (Arbo)



Imaxe 7. Hidroeléctrica de San Xusto no río Lérez, en Cotobade

Este conxunto de elementos patrimoniais está situado augas arriba da ponte nova de San Xusto, na marxe esquerda do río Lérez, dentro do LIC Río Lérez e da Comarca Paisaxística Baixo Lérez identificada no Catálogo das Paisaxes de Galicia. O lugar está dominado desde o alto pola carballeira e capela de San Xusto, e forma parte dun territorio no que se manifestan as pegadas das distintas fases de ocupación humana nos petróglifos do Lombo da Costa, no castro da Cividá, nos núcleos rurais e igrexas parroquiais, nos pazos e casas grandes e os seus dominios, na rede de camiños, e entre eles, na calzada empedrada que leva á ponte medieval e atravesa o Lérez.

No ano 2016, o Concello de Cerdedo-Cotobade e a Consellería de Medio Ambiente acordaron colaborar na recuperación patrimonial, etnográfica e paisaxística do conxunto que denominan Os Baños de San Xusto e a consellería redactou un proxecto desa actuación.

Sen entrar na análise do proxecto, que non é o obxecto deste comentario, é importante resaltar o cambio de enfoque que supón o tratamento conxunto dun espazo natural e dos bens patrimoniais que alberga, é dicir, o feito de pasar de ignorar o valor patrimonial deses bens a convertelos no elemento principal dun proxecto de recuperación patrimonial e paisaxística.

Este proxecto está no camiño do obxectivo de tratar o territorio como unha paisaxe cultural, como un sistema complexo de compoñentes físicas e antrópicas dinámicas, entre as que atopamos os bens materiais que identificamos como parte do patrimonio cultural, as relacións entre eles e coas outras compoñentes materiais do territorio. Un camiño no que o territorio non só é, senón que debe seguir sendo na medida en que a sociedade constrúe, transforma ou destrúe a súa relación cos lugares.